



**EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)**

BASES DO 1º CONCURSO ESCOLAR LITERARIO “INTERCENTROS”
“Engánchate á Igualdade”

Con motivo da conmemoración do 8 de Marzo, Día Internacional da Muller, a Concellería de Igualdade de Xénero do Concello de Baiona, organiza o **1º Concurso LITERARIO “ENGÁNCHATE Á IGUALDADE”**, que ten como obxectivo que o alumnado reflexione sobre o papel das mulleres na sociedade e a necesidade de desenvolver relacións mais igualitarias no ámbito laboral e familiar.

I: Temática

Os temas dos escritos versarán sobre algún dos seguintes aspectos:

- O papel da muller na sociedade: Valorización e visualización. Mulleres representativas no ámbito das ciencias e das letras.
- Igualdade de oportunidades no eido laboral.
- A igualdade de dereitos e obrigas entre mulleres e homes: A corresponsabilidade.

II: Participantes

- Poderán participar no concurso todos aqueles Centros Educativos do municipio de Baiona que impartan o terceiro ciclo de educación primaria (5º y 6º curso). Será o Centro quen faga a selección das obras puidendo presentar ata un máximo de cinco obras orixinais .



**EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)**

III: Obras

- O texto presentarse en follas formato DIN A-4, sendo a extensión máxima de tres follas se son escritas a man e dúas páxinas en caso de ser mecanografiadas ou a computador. Non se establece limitación mínima.
- Os traballos que se presenten ao concurso deberán ser orixinais e inéditos, non premiados noutros concursos ou certames.
- A técnica é libre (redacción, conto, poema, letra de canción ou aqueloutra que reflicta o espírito do Día 8 de Marzo, etc.).
- Os traballos presentaranse acompañados dun sobre pechado, e no seu exterior indicará o nome do centro e no seu interior deberá levar os seguintes datos: nome do centro, nome e apelidos dos participantes que realizaron a obra, idade, curso (5º o 6º curso).

IV: Lugar e prazo de presentación

Os traballos deberán entregarse no Centro de Información á Muller de Baiona (r/Dolores Agrelo, nº 16, Baiona /Tfno: 986 35 75 54) de luns a venres en horario de 9 a 14h. e os martes de 17 a 19 h., ou nos departamentos de orientación dos centros educativos nos que estuden, rematando o prazo de entrega o vindeiro venres 20 de febreiro ás 14 h.

V: Proceso de selección das obras premiadas

O xurado valorará os traballos presentados conforme aos seguintes aspectos:

- Calidade do traballo
- Correspondencia coa temática do concurso
- A creatividade e a orixinalidade no tratamento do tema



**EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)**

O ditame do xurado será inapelable e podería declarar deserto calquera dos premios da concurso, se os traballos non acadan unha calidade mínima ou non abordan a temática proposta.

VI: Composición do xurado

O xurado será nomeado polo Alcalde de Baiona. A resolución do xurado será comunicada ás e os participantes, e se publicará na páxina web municipal (www.baiona.org/igualdade).

As obras premiadas quedarán en posesión da Concellería de Igualdade, reservándose todos os dereitos de uso das mesmas.

VII: Premios

- Establécense tres premios que se outorgarán para o Centro Escolar
 - Primeiro premio:** Lote de libros +Xogos didácticos
+Reprodutor Radio -Cd
 - Segundo premio:** Lote de libros +Xogos didácticos
+Prismáticos
 - Terceiro Premio:** Lote de libros +Xogos didácticos
- As obras gañadoras utilizaranse para aqueles materiais que o Concello de Baiona considere oportuno. Todas as obras premiadas quedarán en propiedade do Concello de Baiona, que poderá reproducilas libremente sen que tal reprodución xere dereito algún.
- Así mesmo a Concellería de Igualdade reservase o dereito de engadir unha franxa co anagrama da Concellería de Igualdade e do Concello de Baiona.



**EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)**

- Os premios serán entregados nun acto organizado con motivo do Día Internacional da Muller polo Concello de Baiona.

A participación neste concurso implica a total aceptación das presentes bases.